

SIRAT

Oliver Laxe, 2025

1532

ESTREA EN NUMAX: 06.06.2025 | V.O.S.E. | +16 | 115 min

Un home (Sergi López) e o seu fillo (Bruno Núñez) chegan a unha rave perdida no medio das montañas do sur de Marrocos. Buscan a Mar, a súa filla e irmá, desaparecida hai meses nunha desas festas sen amencer. Reparten a súa foto unha e outra vez rodeados de música electrónica e un tipo de liberdade que descoñecen. Alí deciden seguir a un grupo de raveiros na busca dunha última festa que se vai celebrar no deserto, onde agardan atopar a moza desaparecida.

«Unha proposta tan radical como fonda e sorprendente, clara e arriscada. O resultado é un traballo que conmove»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Oliver Laxe: «'Sirat' é política en canto a que deserta dunha maneira de estar no mundo»

Por Ricardo Rosado

Describiu *Sirat* como a súa película máis política e radical ata a data. Creo que fun un pouco torpe cando dixen o de que era unha película política, é máis ben poética, por moito que conecte con estes tempos. É política en canto a que hai un desertar dunha maneira de estar no mundo. Hai un sabor crepuscular, unha consciencia de que isto remata e, ao mesmo tempo, un desexo de que remate axiña. Que todo mude, que pasemos a outra cousa. En canto á súa radicalidade, non é buscada. É algo do que me dei conta despois de escoitar as primeiras opinións, pero ao mesmo tempo é a miña película máis aberta. Cando xa dominas máis o oficio es capaz de narrar mellor, de coñecer mellor o espectador e, por tanto, podes ser máis radical.

Hai unha constante mestura de xéneros ao longo da metraje, pode ser isto o que a faga máis accesible? Comeza case como un documental, pasamos á peli de aventuras, a *road movie*, o drama, o cinema máis sensorial e mesmo o *survival*. É normal esta serie de mesturas de xéneros. Por que amamos o cinema? Porque é unha conxunción de arte popular e arte elevada, por iso gozo facendo algo absolutamente poético que logo ten momentos de *road movie* de aventuras.

Vendo *Sirat* é difícil non pensar en pesadelos na estrada como *O salario do medo* (H.G. Clouzot, 1953) e *Carga maldita* (William Friedkin, 1977), tíñalas en mente?

Que referentes te levaron ata esta odisea polo deserto? Pertenzo a unha tradición de cinema de autor europeo que é moi sobria, pero encántanos o cinema popular e o norteamericano. Por iso é polo que tanto *O salario do medo* de Clouzot como *Carga maldita* de Friedkin son un referente, así como o cinema dos 70 con títulos como *Estrada asfaltada en dúas direccións* (Monte Hellman, 1971), *Apocalypse Now* (Francis Ford Coppola, 1979), *Easy Rider* (Dennis Hopper, 1969) ou mesmo *Stalker* (Andrei Tarkovsky, 1979). Creo que vivimos un momento similar a aquela década, mesmo estou a ser apoiado por Movistar como cando os grandes estudos se atreveron a confiar en directores que recollían os movementos contraculturais de entón. Esa enerxía, esa violencia, está nesas películas e, dalgunha maneira, tratamos con *Sirat* de recoller ese pulso contemporáneo. Isto é como un "Mad Max Cero", é preapocalíptico. Estamos a traballar cos mesmos arquetipos e medos, pero cos nosos medios e sensibilidade europea.

Volveu a asinar o libreto xunto a Santiago Fillol, de onde parte esta historia sobre un pai que busca a súa filla nunha rave no deserto? Todo comezou coa idea duns vehículos atravesando o deserto, logo chegou o imaxinario *raveiro* ao centrarme nos seus dous piares: a festa e a viaxe. Fixen varias viaxes a Senegal e a esa zona entre Marrocos e Mauritania que é un "no man's land" que inclúe terreo minado. A fronteira entre Alxeria e Marrocos é a fronteira máis grande pechada no mundo e, con todo isto en mente, démonos conta de que a morte non se instalaba na trama ata o final da película. Foi como comezamos a introducila tanto para os personaxes como para o espectador porque así é a vida, sacúdete, lánzate ao abismo... e tes que confiar en que haberá rede, aínda que non a vexas. Hai que rascar, tocar fondo e, a partir de aí, transcender. Isto é como unha cerimonia de ayahuasca, é duro, pero cando J.A. Bayona estreou *A sociedade da neve* quedei moi aliviado de ver que era bo para a xente falar desas experiencias de morte. Todo isto fai que poidas sentir a vida mellor e máis forte.